

**CRUCEIROS, CRISTOS, CRUCES DE PEDRA, E ESMOLEIROS
DO CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)**

**AUTORES:
JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO
MANUEL MUÑIZ BESTEIRO**

O noso agradecemento a algunhas persoas do concello de Guntín, que colaboraron dun xeito efectivo e desinteresado na realización do presente traballo. Podemos facer alusión, entre outras, as seguintes:

José Manuel Álvarez Fernández. José Mosquera. Rosa Vázquez Pena. José Vázquez Vázquez. Alcide López Mazaira. Esperanza López. Carmen Reyes López. María Jul Rodríguez. Manuel Pérez Penelas. Jaime López Lamas. Antonio Álvarez. Carlos Fernández López. Constantinio Mourenza Rodríguez..Jesús Mourelas Iglesias.

I. TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES.

Guntín é un municipio lucense cunha superficie de 156 km², que está integrado nunha extensa altiplanicie interior coñecida como a Meseta Central Lucense. A súa altitude oscila neste ámbito territorial entre os 540 e os 580 metros, aínda que cómpre distinguir unha serie de elevacións montañosas: Picato (788 m.), Pena do Cotillo (702), Pena de Fornos (707 m.)¹. Os seus límites xeográficos son: polo Norte, Friol e Lugo; polo Sur, Portomarín; polo Leste, o Corgo e o Páramo; e polo W., Monterroso e Palas de Rei.

Pola súa situación xeográfica, este municipio pertence á bacía fluvial do río Miño, que pasa pola súa área oriental, onde recibe as augas dos ríos Ferreira, Levadoiro e Colmeiro. A nivel climatolóxico, posúe un clima oceánico continental o que da lugar a uns invernos fríos e uns veráns frescos.

Dende unha perspectiva demográfica, a poboación sufriu unha clara regresión a partir do ano 1960, debido ao constante éxodo rural e, logo, a redución do crecemento natural, que deu lugar a un envellecemento da poboación. Actualmente, segundo o I.G.E. do ano 2015, a poboación deste ámbito territorial foi de 2.881 habitantes – 1470 homes, e 1411 mulleres- distribuídos nas seguintes parroquias: Castelo de Pallares (San Salvador); Constante (San Miguel); Entrambasaugas (Santiago); Ferreira de Pallares (Santa María); Ferroi (Santiago); Francos (San Salvador); Gomelle (Santiago); Grolos (Santa Cruz); Guntín de Pallares (San Salvador); Lamela (Santa Mariña); Lousada (Santa Eulalia); Monte de Meda (San Martiño); Mosteiro (Santa María); a Mota (Santo Estevo); Mougán (Santa María Madanela); Navallos (San Pedro); Oourol (San Xulián); Piñeirás (San Mamede); Pradeda (Santa Eulalia); San Cibrao de Monte de Meda (San Cibrao); San Mamede de Lousada (San Mamede); San Romao da Retorta (San Romao); Santa Cruz da Retorta (Santa Cruz); Santa Euxea (San Xoán); Santa María de Ferroi (Santa María); Sirvián (Santa María); Vilamaior de Negral (San Lourenzo); Vilameá (San Martiño); Vilamerelle (San Vicente); Vilarmao (San Miguel); e Zolle (Santa María)²

Dende unha óptica histórica a presenza humana neste concello queda patente nos vestixios atopados das seguintes culturas: da cultura megalítica (3500-2000 a.d.C.) – medorras de San Fiz, campo das mamoas de Lousada etc.-; da Idade do Bronce (1500-600. a.d.C) –petrogrifos de Monte de Meda- ; da cultura castexa (sec. VI. a.d.C- II d.d.C) – hai constancia de trece poblados-³. Na Idade Media o mosteiro de Ferreira de Pallares – fundado segundo uns a finais do século X polos condes D. Ero e dona Laura e, segundo outros, de orixe incerto- constituíu o eixo histórico central deste municipio. Nos seus inicios foi un mosteiro mixto ata que os monxes beneditinos se fixeron cargo. Logo, pasou por diferentes etapas: ao comezo foi abadía e, logo, dende o ano 1517 ata a súa exclaustación do ano 1835 quedou como priorato dependente do mosteiro de Samos. Na actualidade é unha relevante igrexa parroquial con importantes vestixios románicos e protogóticos, pertencente á diocese de Lugo⁴. Finalmente, a aparición do concello está relacionada coa división municipal do ano 1845.

A nivel económico, o sector agropecuario é a principal rama de actividade para o emprego da poboación. Neste sector cómpre salientar a cabana bovina láctea, aínda que é mester distinguir tamén as granxas de gando porcino. O sector secundario ou


¹ DÍAZ BERTA, Román.: *Galicia, pueblo a pueblo*, : La Voz de Galicia. Xunta de Galicia, páx. 593.

² EQUIPO “IR INDO”.: *Galicia en Comarcas. Lugo*, Vigo: Ir. Indo. La Voz de Galicia, 2005, páx. 111.

³ EQUIPO “IR INDO”.: *Galicia en Comarcas. Lugo*, Vigo: Ir. Indo. La Voz de Galicia, 2005, páx. 111.

⁴ DÍAZ BERTA, Román.: *Galicia, pueblo a pueblo*, : La Voz de Galicia. Xunta de Galicia, páx. 594

industrial e case inexistente. Pola contra, o sector terciario correspondente á área do comercio e servizos ocupa a un 12, 3% da poboación, destacando os servizos ligados coa administración municipal, servizos sociais, o pequeno comercio e o transporte ⁵.



RELACIÓN NUMÉRICA. 1. CASTELO. 2. CONSTANTE. 3. ENTRAMBASAUGAS. 4. FERREIRA DE PALLARES. 5. FERROI (SANTA MARÍA). 6. FERROI (SANTIAGO). 7. FRANCOS. 8. GOMELLE. 9. GROLOS. 10. GUNTÍN. 11. LAMELA. 12. LOUSADA (SAN MAMEDE). 13. LOUSADA (SANTA EULALIA). 14. MONTE DE MEDA (SAN CIBRAO). 15. MONTE DE MEDA (SAN MARTIÑO). 16. MOSTEIRO. 17. A MOTA. 18. MOUGÁN. 19. NAVALLOS. 20. OUROL. 21. PIÑEIRAS. 22. PRADEDA. 23. RETORTA (S. ROMÁN). 24. RETORTA (SANTA CRUZ). 25. SANTA EUXEA. 26. SIRVIÁN. 27. VILAMERELLE. 28. VILAMAYOR. DE NEGRAL. 29. VILAMEÁ. 30. VILARMAO. 31. ZOLLE

II. CLASIFICACIÓN E DESCRICIÓN DAS DIFERENTES MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS.

Neste concello levamos a cabo un censo de 17 Cruceiros, 34 Cruces e 1 Esmoleiro. Así mesmo, puidemos tamén averiguar a antiga existencia doutras 12 expresións artísticas de índole relixiosa, hoxe desaparecidas; trátase de dous cruceiros ⁶, de oito

⁵ EQUIPO “IR INDO”.: *Galicia en Comarcas. Lugo*, Vigo: Ir. Indo. La Voz de Galicia, 2005, páx. 111.

⁶ RIELO CARBALLO, Nicanor.: “Do cruceiro de San Fiz, de granito, e do ano 1885”, en *Inventario Artístico de Lugo e su provincia*, M.E.C., t. II, 1975, páxs. 328-329.

“Do cruceiro de Lamela, que foi destruído cando construíron, denantes dos 80 do século pasado, a estrada, en *Inventario Artístico de Lugo e su provincia*, Ministerio de Cultura, t. III, 1980, páx. 358.

cruces, dun vía crucis, e dous esmoleiros. Todas estas manifestacións relixiosas de índole popular aparecen reflectidas a nivel parroquial do seguinte xeito:

A. CRUCEIROS.

1. CASTELO DE PALLARES (SAN SALVADOR).

1.1. CRUCEIRO DA “CASA DA CRUZ”.

Está colocado no interior da “Casa da Cruz”, pertencente ao lugar de “Castelo pequeno”. Esta manifestación relixiosa de índole popular foi construída no ano 2000 por un albanel de Cerceda. Está composta dos seguintes corpos colocados nunha orde ascendente:

Unha plataforma circular, realizada con restos de cachotería que nos seus inicios tiñan outra finalidade. Unha base composta de tres tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; o mediano, cunha moldura cóncavo-convexa; e o superior, cunha moldura en filete. Un fuste de sección cuadrangular nos extremos e que amosa rebaixas romboidais no extremo superior e cuadrangulares nas súas partes media e inferior. Un capitel de tres tramos: o inferior, de forma paralelepípeda e con rebaixas cuadrangulares; o mediano, moldurado en media cana; e o superior, de forma paralelepípeda e con rebaixas romboidais. Finalmente, unha cruz latina de sección cuadrangular con acanalamentos cruciformes tanto na súa parte anterior como posterior, e con pequenos rebaixas nos extremos do brazo transversal.



2. ENTRAMBASAUGAS, SANTIAGO DE.

2.1. CRUCEIRO DA IGREXA. $X= 605.729$

$Y= 4.751.924.$

É un cruceiro do século XIX. Está emprazado preto da igrexa parroquial e ao carón dunha estrada local, que comunica varias parroquias deste municipio. Esta mostra da devoción popular está constituída polas seguintes partes nunha orde ascendente:

Unha plataforma, de estrutura troncopiramidal, formada por tres chanzos graníticos: o inferior, parcialmente soterrado; e o medio, e superior, compostos de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de maior extensión, mostra un bocel ou toro en toda súa estrutura.

Unha base monolítica constituída por unha moldura cóncava-convexa, a xeito de cima reversa invertida, que remata nuns bordos superiores redondeados.

Un fuste de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto.

Un capitel moldurado, que nunha orde descendente mostra os seguintes elementos: unha pequena estrutura paralelepípeda; unha pequena moldura cóncava (caveto);



un listel, un colariño, un bocel ou toro, e finalmente un listel.

Unha cruz latina, de tipo florenzada nos extremos dos brazos, que amosa unha efixie dun Cristo rústico, que mostra os seguintes trazos: unha cabeza, desproporcionada con respecto ós demais elementos da imaxe, que está inclinada ao lado dereito; unha coroa de espiñas; os brazos en forma de V; costelas resaltadas; os seus pés están paralelos; o perizoma anoado ao lado dereito.

Na actualidade, o primeiro domingo do mes de agosto –festividade do Santiago apóstolo nesta parroquia- a procesión circunvala o cruceiro que hai preto da igrexa.



“ Dous cruceiros: un, con imaxe; e outro, liso, século XIX”⁷

2.2. CRUCEIRO DA “CASA DE EIREXE”.

Esta manifestación artística mercouna, a mediados dos noventa do século pasado, José Varela Vázquez nunha pequena fábrica industrial de Monterroso denominada Xirgal.

Está situada nun xardín ao carón da “Casa familiar de José Varela Vázquez. Consta dunha plataforma composta dun chanzo de granito, que serve de soporte a unha base formada por dous niveis: o inferior, de estrutura paralelepípeda con rebaixas cuadrangulares; e o superior, composto de varios tramos moldurados cóncavos – cuarto caveto invertido – convexos – toro e escocia- e de dobre filete. A base prolóngase nun fuste de sección cuadrangular nos extremos e de sección oitavada – pouco acusada- no resto. Este serve de apoio a un capitel moi moldurado con formas cóncavas – cuarto caveto e escocia- convexas – bocel- e tamén con listeis. Como remate, unha cruz latina de sección cuadrangular, que amosa no seu anverso unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: os seus brazos están abertos en forma de V; a súa cabeza, inclinada ao lado dereito, mostra unha coroa de espiñas; o pano de pureza está anoado ao lado esquerdo; e o pé esquerdo apoiase no dereito e ámbos os dous sobre un supedáneo.

3. FERROI (SANTIAGO DE).

3.1. CRUCEIRO DA “CASA DA RIVA DE VILABOA”. X= 619.279 Y= 4.749.222.



Dominio privado. Situado no interior da “ Casa da Riba”. Un dos seus propietarios é José Manuel Álvarez Fernández.

O cruceiro está composto dos seguintes corpos:

Unha plataforma de cantería, de estrutura troncopiramidal, con dous chanzos: o inferior de forma paralelepípedada; e o superior con dous niveis, ámbolos

RIELO CARBALLO. Nicautor: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, MEC. T.II. 1975, páxs. 328-329.

dous, tamén de forma paralelepípeda mais o superior é máis extenso que o inferior. Nalgúns lados dos chanzos hai masas graníticas, unidas por cemento.

Unha base formada por dous tramos: o inferior de forma paralelepípeda; e o superior, tamén de forma paralelepípeda – case cúbica- con bordos superiores lixeiramente biselados.

Un fuste de sección cuadrangular nos extremos, e biseladas as súas arestas no resto.

Un capitel de dous tramos: o superior, de forma paralelepípeda, e o inferior cunha moldura cóncava de cuarto caveto.

Unha cruz latina, de cantería, de sección cuadrangular.

Este cruceiro ten unha finalidade ornamental.

4. FERROI (SANTA MARÍA DE).

4.1. CRUCEIRO DA “CASA DE DOSITEO LÓPEZ”. X= 617.841. Y= 4.749.190. ORIENTACION: NORTE-SUR.

Está situado no interior da “Casa de Dositeo López”. Foi construído polo dono do cruceiro, rematando a súa feitura no ano 2012. Consta dos seguintes elementos:

Unha plataforma de estrutura troncopiramidal con dous chanzos, que amosan formas paralelepípedas cos bordos superiores redondeados (biselados). Por riba unha base de dous corpos: o inferior, de forma paralelepípeda, cúbica, que amosa as aristas superiores biseladas; o superior, semellante ao inferior, mais de menor extensión. A base prolóngase nun fuste de sección cuadrangular nos seus extremos, con acanalamentos nas arestas do resto do fuste. Este serve de soporte a un capitel de clásico que mostra nunha orde descendente os seguintes tramos: un ábaco, un equino e un filete. Finalmente, sobre unha pequena estrutura paralelepípeda, lévántase unha cruz latina, granítica, de sección cuadrangular. Na cara Norte, hai unha efixie de Cristo, pegada á cruz, e que reviste os seguintes trazos: a cabeza inclinada ao lado dereito; os brazos en forma de V; o perizoma anoado ao lado dereito; e o pé dereito sobre o esquerdo.

Esta manifestación popular ten unha finalidade decorativa.



5. FRANCOS (SAN SALVADOR DE).

5.1. CRUCEIRO DE FRANCOS. X= 616.204 Y= 4.744.992.

Está colocado preto da igrexa, no campo situado na súa parte posterior; tamén ao carón dunha estrada local, que comunica as diferentes comunidades do municipio. Denantes do cruceiro houbo unha cruz de cantería.

Consta dos seguintes corpos:

Unha plataforma, de estrutura troncopiramidal, con catro chanzos: o inferior, de cachotería; e os outros tres, graníticos, de forma paralelepípeda.



Unha base de cantería, de forma paralelepípeda cos bordos superiores redondeados (aristas superiores). A cara da base, que da á igrexa, está decorada cunha cruz latina, de cantería, ancha nos seus brazos.

Un fuste de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto debido aos biseis das súas arestas.

Capitel clásico, que nunha orde descendente consta dos seguintes tramos: dúas molduras de filete superpostas; un cuarto caveto; un colariño máis estreito que o de Mougán e sen acanaladuras; e unha moldura en bocel ou toro.

Unha cruz latina, de cantería, de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto; os extremos dos brazos son do tipo de cruz florenzada.

O 6 de Agosto, festividade do Salvador, a procesión circunvala o cruceiro.



6. GOMELLE (SANTIAGO DE).

6.1. CRUCEIRO DE GOMELLE. $X= 608.506$ $Y=4.755.148.$

Está colocado no adro da igrexa parroquial. O domingo seguinte ao 13 de Maio, festividade da Virxe de Fátima, a procesión circunvala o cruceiro.

A nivel artístico, o cruceiro está composto das seguintes partes:

Unha plataforma granítica dun chanzo de forma paralelepípeda.

Unha base monolítica, granítica, de dous tramos: o inferior de forma paralelepípeda cos bordos (aristas) superiores redondeadas; e o superior tendente á troncopiramidalidade.

Un fuste monolítico, prismático, que amosa na parte inferior unha sección cuadrangular biselada nas arestas laterais, que posibilita unha sección oitavada no resto máis aberta na parte superior. A parte superior do fuste amosa nos seus rebaixes as seguintes inscricións, partindo do lado W., ao Leste, pola esquerda: 53, 14, V,IV, N, M.

Un capitel de base clásica, que mostra nunha orde descendente os seguintes tramos: unha pequena moldura cóncava (cuarto caveto invertido); un pequeno filete coas arestas laterais biseladas; un colariño; e unha pequena estrutura paralelepípeda oitavada.

Unha cruz latina, granítica, que presenta unha sección cuadrangular na parte inferior do eixo vertical, e acanaladuras tanto no resto do eixo vertical, como en todo o eixo transversal.

7. GUNTÍN DE PALLARES (SAN SALVADOR DE).

7.1. CRUCEIRO DE MEIXABOI. $X= 605.799$ $Y= 4.749.015.$

Esta situado ao carón da capela de Meixaboi. Ata o ano 1973, o terceiro domingo de Agosto, festividade da Madalena, a procesión daba a volta ao redor do cruceiro.



Amosa mal estado de conservación.

Esta expresión da devoción popular consta nunha orde ascendente dos seguintes corpos:

Unha plataforma de dous chanzos de pizarra.

Unha base granítica composta de tres partes: a inferior, paralelepípeda e deteriorada nun dos lados; a superior tendente a unha troncopiramidalidade; entre ámbalas dúas unha media cana (moldura cóncava).

Un fuste de sección cuadrangular nos seus extremos e con acanaladuras no resto das arestas.

Un capitel moldurado, que mostra nunha orde descendente os seguintes tramos: un tramo paralelepípedo, un filete, un cuarto caveto (moldura cóncava), un colariño, e un bocel.

Unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos, con acanaladuras no resto das arestas do eixo vertical e horizontal. Os extremos dos brazos rematan a nivel ornamental nunhas rosáceas.



8. LAMELA (SANTA MARIÑA DE)

8.1. CRUCEIRO DESAPARECIDO.

Trátase dun cruceiro liso, que estaba situado ao carón da igrexa, hoxe desfeito. Dise “ *que o cruceiro foi deteriorado cando construíron a estrada no século pasado, denantes dos anos 80*”.

9. LOUSADA, SAN MAMEDE DE.

9.1. CRUCEIRO DO CEMITERIO. X= 615.305. Y= 4.751.532.

Está ubicado no interior do novo cemiterio. Hai uns cinco anos construíuno José, da “Casa do Souto” de Piñeiras. Foi colocado hai cinco anos por Manuel López Díez, finado na actualidade.

Esta formado polos seguintes corpos:

Unha plataforma de chanzos graníticos de forma paralelepípeda.

Unha base prismática cos bordos superiores redondeados.

Un fuste de sección cuadrangular nos seus extremos e coas arestas achaflanadas no resto.

Un capitel que amosa unha forma troncopiramidal invertida con volutas na parte superior das arestas.

Unha cruz de cantería, latina, de sección cuadrangular nos seus extremos e rebaixada en bisel no resto. Os extremos dos brazos son do tipo de cruz potenziada.

10. MONTE DE MEDA (SAN MARTIÑO).

10.1. CRUCEIRO DE SAN MARTIÑO. X= 610.697 Y= 4.753.285

Está colocado preto da igrexa parroquial. De comezos do último tercio do século XX.

Restaurado. Consta dos seguintes corpos:

Unha plataforma de dous chanzos graníticos: o inferior, de forma paralelepípeda, permanece parcialmente soterrado; e o superior cos dous tramos de forma tamén paralelepípeda mais o inferior e menos extenso que o superior.


Unha base monolítica, que amosa tres partes: a inferior, de forma paralelepípeda; a superior, moldurada, a xeito de bocel ou toro; e ámbalas dúas unidas por unha escocia moi prolongada.

Un fuste de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto. Na intersección existente na parte superior entre as seccións cuadrangular e oitavada hai uns resaltes redondeados, que penden das arestas, a xeito de ornamentos.

Un capitel de estrutura moldurada, no que podemos distinguir nunha orde descendente os seguintes tramos coas súas formas correspondentes: un filete; un pequeno tramo paralelepípedo; unha moldura en escocia; e un dobre tramo moldurado en bocel ou toro de diferente extensión.

Unha cruz latina, granítica, de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavada no resto. Os extremos da cruz adoitan a forma de cruz florenzada. Na cruz hai unha dobre ornamentación: por unha banda, uns ornatos estrelados nos ángulos, que xorden da intersección dos brazos vertical e horizontal; por outra, na converxencia dámbolos dous brazos, hai un corazón na cara do W,.

A plataforma esta deteriorada nun dos tramos do lado Leste. Pola súa banda, a base amosa un pequeno estrago na parte inferior do cara W,.



11. MOUGÁN (SANTA MARÍA MADANELA DE).

11.1. CRUCEIRO DE MOUGÁN. X= 614.222. Y= 4.746.006.

O cruceiro foi construído por Alfredo Lorenzo Rodríguez, ao mellorar de saúde, previa promesa ao Santo Anxo.

Está situado preto do adro da igrexa parroquial.



Esta composto dos seguintes corpos:

Unha plataforma, de estrutura troncopiramidal, con tres chanzos graníticos de forma paralelepípeda.

Unha base de cantería, de forma paralelepípeda cos bordos superiores redondeados (aristas superiores). O lado da base, que da á igrexa parroquial, está ornamentado cunha cruz latina, de cantería, ancha nos seus brazos; na parte inferior desa mesma cara aparece a seguinte inscrición: *Ramiro / 1991 /*.

Un fuste de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto debido aos biseis das súas arestas.

Capitel clásico, que nunha orde descendente consta dos seguintes tramos: dúas molduras de filete superpostas; un cuarto caveto; un colariño con acanalamentos nas catro caras, sendo o central o máis extenso.

Unha cruz latina, de cantería, de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto; os extremos dos brazos son do tipo de cruz florenzada.

O último domingo de setembro, conmemórase a festividade do Santo Anxo. A procesión circunvala o cruceiro.

12. PRADEDA, SANTA EULALIA DE.

12.1. CRUCEIRO DE PRADEDA. Orientación: SE-NW. X= 610.093. Y= 4.751.591.

Situado preto da igrexa mais fora do adro e ao carón dunha estrada local, que comunica diferentes parroquias do municipio.

Está composto dos seguintes elementos:

Unha plataforma, de estrutura troncopiramidal, con dous chanzos graníticos, que amosan un nivel superior máis extenso que o inferior.


Unha base de dous tramos: o inferior, paralelepípedo; e o superior cunha moldura cóncava de cuarto caveto invertida.

Un fuste de sección cuadrangular na parte inferior, da que arrinca unha moldura cóncava de cuarto caveto invertido; a partir de aí a sección é de tipo oitavada ata chegar ao extremo superior onde volve a ser cuadrangular.

Un pequeno capitel estruturado nunha orde descendente en tres tramos: o primeiro tendente á troncopiramidalidade; o segundo paralelepípedo; e o terceiro moldurado a xeito de cuarto caveto.

“*Fronte á entrada do adro hai un cruceiro de granito, que amosa os brazos moi desenvolvidos e tamén unha coroa central*”⁸.

Finalmente, unha cruz latina –case grega-, que amosa unha sección oitavada tanto no eixo vertical como no horizontal. Os extremos dos brazos son do tipo de cruz florenzada. A cruz mostra unha coroa central ó redor da efixie de Cristo, que presenta os seguintes trazos: trátase dunha imaxe rústica; desproporcionada con respecto ós demais elementos; a súa cabeza aparece con certa inclinación ao lado dereito; os brazos lixeiramente inclinados tendendo a unha V; os cabelos e as costelas moi resaltados; o pano de pureza no centro; e as pernas paralelas.



12.2. CRUCEIRO DO CEMITERIO. X= 610.117 Y= 4.751.558.

Situado no interior do cemiterio de Pradedá.

Nun monolito colocado ao seu carón figura a seguinte inscrición.

“Al Señor Antonio Estevez López en reconocimiento póstumo a su labor para ampliación de este cementerio y de

⁸. RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, T.V. M.Cultura, 1983, páx 221



agradecimiento a las casas de Xan da Laxe e D. Eusebio do Pozo por su inestimable colaboración. Pradeda, 15 de septiembre de 2012.”

O cruceiro, construído hai poucos anos (2012), está composto dos seguintes corpos: Unha plataforma de dous chanzos graníticos. Unha base de dous tramos: o inferior cúbico; e o superior, pequeno tramo troncopiramidal. Un fuste de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto. Capitel formado por dúas partes: o inferior moldurado, cóncavo, de cuarto caveto; e o superior, paralelepípedo. Cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos do eixo horizontal e no extremo inferior do eixo vertical, e oitavado no resto. Os extremos dos brazos son do tipo de cruz florenzada.



13. RETORTA (SANTA CRUZ DE).

13.1. CRUCEIRO DA RETORTA.

De dominio público. Está situado ao carón do muro, que delimita o adro da igrexa parroquial do exterior, e á beira dunha estrada local.

Consta dos seguintes corpos:

Unha plataforma de tres chanzos de granito.

Unha base composta nunha orde ascendente de tres tramos: o primeiro, paralelepípedo; o segundo, de cuarto caveto invertido; e o terceiro, paralelepípedo cos bordos superiores redondeados. Un dos lados da base, funcionaba como “esmoleiro”. Na actualidade, non está operativo, xa que o enxexado metálico desapareceu e so conserva o oco do esmoleiro. Asi mesmo nunha das caras deste

corpo hai restos dunha inscrición na que aparece a data na que foi construído o cruceiro, a saber “ 1865”.

Un fuste que amosa unha sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto.

Un capitel constituído por dúas partes: a inferior, de tendencia a unha estrutura troncopiramidal invertida, está formada por unha superposición de listeis; a superior, mostra unha estrutura troncopiramidal.

Unha cruz latina, de sección cilíndrica, rematando os seus brazos nunha forma semiesférica.

“ Ao carón da igrexa parroquial hai un cruceiro con efixie e peto de ánimas. Ano de 1865”⁹.

14. SIRVIÁN, SANTA MARÍA.

14.1. CRUCEIRO DE MONTOUTO. X= 605.458 Y= 4.755.236.

Esta colocado no adro da capela de Montouto e ao carón dunha estrada local. Consta dos seguintes elementos:

⁹RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, T.V. M.Cultura, 1983, páx 338.



Plataforma de dous chanzos, parcialmente rotos. Base de dous corpos: o inferior, paralelepípedo irregular, deteriorado por unha das súas caras; e o superior tamén deteriorado por unha das dúas caras e tendente a troncopiramidalidade. Na parte inferior das algunhas caras amosa unha inscrición incompleta, debido a que a cara na que estaba un “ esmoleiro ou peto de ánimas”, na actualidade só queda un oco.

Cara NW: *IMA*

Cara NE., --Lugar no que había un PETO. Agora, so queda un oco como no da Retorta.

Cara SE., *BAMT?*

Cara SW., *AS?*

Fuste de sección cuadrangular en ámbolos dous extremos, e oitavado no resto. Capitel, da mesma estrutura que o da Retorta. Cruz de canteria, latina, de sección cilíndrica, cunha ornamentación de “ formas semiesféricas” nos extremos dos eixos vertical e horizontal.

DATOS ETNOGRÁFICOS.

Na capela, situada preto deste cruceiro, celébrase o 24 de Agosto a festividade do San Bartolomeu . Segue habendo o ritual de “Poñer o Santo”; o fregués do lugar, Jesús Mourellos Iglesias, é o encargado de levar a cabo o ritual; así, no intre de pasar a imaxe pequena do Santo pola cabeza dos devotos recita a seguinte xaculatoria :

“ Por la intercesión de San Bartolomeu / te saque la enfermedad / te de la sanidad. Amén/”.

15. VILAMEÁ, SAN MARTIÑO DE.

15.1. CRUCEIRO DE VILAMEÁ

Está situado preto da igrexa parroquial de Vilaméa e ao carón dunha estrada local que comunica a parroquia con outras comunidades do municipio. $X= 606.999$ $Y= 4.752.910$.



O último día de Xuño, festividade da Nosa Señora, a procesión circunvala o cruceiro.

O cruceiro data de finais do XIX ou principios do XX.

Está composto dos seguintes corpos:

Unha base semiesférica.

Un fuste prismático, de sección cuadrangular.

Un capitel de varios elementos: o inferior de forma troncopiramidal invertida; o superior formado por un pequeno tramo paralelepípedo; ámbolos dous están unidos nunha orde descendente por unha moldura cóncava en escocia, e por unha moldura convexa de bocel ou toro.

Finalmente, unha cruz latina, de sección cuadrangular, que amosa un ornato semiesférico no extremo superior do brazo vertical. Os elementos da cruz non corresponden co antigo cruceiro, sendo polo tanto restaurada.

16. ZOLLE (SANTA MARÍA).

16.1. CRUCEIRO DE ZOLLE. $X= 611.116$ $Y= 4.749.116$.

Está situado no adro da igrexa parroquial. Está composto dos seguintes corpos:

Unha plataforma de estrutura troncopiramidal, composta por tres chanzos graníticos, de forma paralelepípeda, con dous niveis: o superior, máis extenso que o inferior. O chanzo superior está roto nun dos lados.

Unha base de dous tramos: o superior de forma paralelepípeda; e o inferior, formado por unha moldura cóncava-convexa. Dúas caras da base, mostran un anxo como elemento ornamental.

Un fuste de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto con acanaladuras.

Un capitel composto nunha orde descendente dos seguintes tramos: o primeiro, de forma paralelepípeda; o segundo cunha moldura en filete; o terceiro, forma de colariño; e o inferior, moldurado a xeito dun bocel ou toro.

Finalmente, unha cruz latina de sección cuadrangular nos extremos e oitavada no resto. Os extremos dos brazos son forma de cruz potenziada.



B. CRISTOS.

1. ZOLLE, STA. MARÍA DE..

1.1. CRISTO E PETO DE ZAÍDE $X= 611.980$ $Y= 4.750.012$.

Esta situado nun cruzamento viario no lugar de Zaíde. Orientación: SE- NW.

Este conxunto arquitectónico componse dun podio de forma prismática, e de cachotería, provista dunha fornela no lado SE., onde se encontran dúas imaxes marianas con dous floreiros como ornamento; a fornela esta protexida do exterior por unha fiestra metálica, que amosa na parte inferior unha rañura para as esmolas. Sobre o podio érguese unha plataforma de estrutura troncopiramidal, composta de catro chanzos pequenos de cantería; na metade da plataforma do lado SE., hai un pequeno corpo saínte - de cantería e de forma paralelepípeda- onde nunha placa de aluminio lese a seguinte inscrición: ZAÍDE, 28 DE ABRIL DE 1957 / RECUERDO DE/ VÍCTOR RODRÍGUEZ DARRIBA/. A plataforma prolóngase nunha cruz latina, de cantería, de sección cuadrangular, e potenziada nos seus extremos; esta amosa unha fendadura relevante no lado SE., dando lugar a unha nova cruz latina, que mostra nos extremos do eixo horizontal e na



parte superior do lonxitudinal un tipo de cruz aguzada > .

C. CRUCES MISIONAIS E DE VÍA CRUCIS.

1. ENTRAMBASAUGAS, SANTIAGO DE.

1.1. CRUZ MISIONAL DE MÁRMORE (I). X= 605.788. Y= 4.751.969.

Situada no lado dereito da fachada da igrexa parroquial. É unha cruz latina, de mármore , e de forma trevoada nos extremos dos brazos e da cabeceira. Na parte superior do eixo vertical lese a inscrición: JHS; por riba da letra “H”, aparece unha pequena cruz latina. No eixo horizontal lese a inscrición: SANTA MISIÓN. Na parte media inferior do eixo vertical: P.P. FRANCISCANOS. Finalmente, na parte inferior do eixo vertical: 1945.



1.2. CRUZ MISIONAL DE MÁRMOL (II)

Colocada no lado esquerdo da fachada da igrexa parroquial. Trátase dunha cruz latina, de mármore . Os extremos dos brazos e da cabeceira amosan formas irregulares en ángulo recto unidas a súa vez por formas semicirculares. Na parte superior do eixo vertical lese a inscrición: JHS. . No eixo transversal lese a inscrición: SANTA MISIÓN. Na parte media inferior do eixo vertical: P.P.JESUITAS. . Finalmente, na parte inferior do eixo vertical: 6-VI-1965.

1.3. ANTIGO VIA CRUCIS.

No exterior das paredes da igrexa parroquial hai tres pequenas cruces latinas de madeira e restos de dúas, pertencentes a un antigo vía crucis.

2. FERREIRA DE PALLARES (SANTA MARÍA).

2. 1. CRUZ MISIONAL.

Trátase dunha cruz latina de madeira, situada no interior da igrexa parroquial na parte concernente á parede lateral dereita. Os seus brazos rematan nunha forma de cruz aguzada, complementada con molduras cóncavas e convexas. A nivel ornamental amosa diferentes instrumentos ligados coa paixón de Cristo e tamén coa Eucaristía. Así, no lado dereito do brazo transversal amósanse as tenaces; no lado esquerdo, o martelo; na parte media do brazo lonxitudinal, maniféstanse a hostia e o cáliz; a ámbos dous lados do brazo lonxitudinal, amósanse dúas lanzas, que cruzan o brazo transversal nun sentido oblícuo. Así mesmo, tanto no brazo transversal como no lonxitudinal aparecen diferentes inscricións. Na



parte superior do brazo lonxitudinal, “Y^NR^Y”; na parte media e inferior deste mesmo brazo e nunha orde descendente, “P.P./REDENTORISTAS/27/MAYO/1943/”. Ao longo do brazo transversal, mostrase a inscrición “SANTA (lado dereito), MISIÓN (lado esquerdo)”. Finalmente, na parte inferior do brazo lonxitudinal aparece superposto un anaco de madeira, de forma case elíptica, que amosa a seguinte inscrición nunha orde descendente: “MISIÓN PARROQUIAL / FEBRERO / P.P. J.J (Pais Jesuitas) / 1962 /”.

3. PRADEDA, SANTA EULALIA DE.

3.1. CRUZ MISIONAL DE MÁRMORE. X= 610.116 Y= 4.751.583.

No interior do pórtico da igrexa de Santa Eulalia de Pradedá e sobre a parede de entrada hai unha cruz latina, de mármore, de forma trevoada nos extremos dos eixos perpendicular e transversal. Na parte superior do eixo vertical lese a seguinte inscrición: J.H.S. Na parte inferior do mesmo eixo lese a data, na que se realizou a Santa Misión, a saber: 19-5-72. Na parte media deste mesmo eixo lese a orde, que levou a cabo o acto relixioso: PP. JESUITAS.



Finalmente, no eixo transversal lese o acto en si: SANTA MISIÓN. A misión levouse a cabo na “Chousa de Serafín do Pozo”.

3.2. CRUZ MISIONAL DE MADEIRA.

No interior do pórtico da igrexa de Santa Eulalia de Pradedá e sobre a parede de entrada hai unha cruz latina, de madeira, de forma trevoada nos extremos dos brazos e da cabeceira; esta apóiase nunha base, tamén de madeira, que amosa unha molduración cóncavo-convexa en forma de gola ou cima recta invertida. Na parte superior do eixo vertical lese a inscrición: GLORIA S.S.M. Na parte inferior do mesmo eixo lese a inscrición: INRI. 1921. Na parte media deste mesmo eixo: PP. CAPUCHINOS. Finalmente case na intersección de ámbos os dous eixos: J.H.S.

D. CRUCES COMPLEXAS E RELEVANTES ¹⁰.

1. CASTELO DE PALLARES (SAN SALVADOR).

1.1. CRUZ DE PALLARES.

Está situada no adro da igrexa parroquial. Consta das seguintes partes dispostas nunha orde ascendente:

Unha plataforma de estrutura troncopiramidal, formada por tres chanzos cun dobre nivel: o superior, máis extenso e estreito que o inferior; o chanzo superior está deteriorado nunha das súas caras.

Unha base de dous tramos: o superior, formado por unha pequena estrutura paralelepípeda; e o



¹⁰ Consideramos cruces complexas aquelas, que posúen na súa estrutura máis de dous elementos; e relevantes as que amosan unha significación especial.

inferior, por unha media cana (moldura cóncava); esta parte está rota nunha das súas caras.

Unha cruz de sección cuadrangular no extremo superior dos brazos horizontal e vertical, e oitavada no resto; na intersección dos brazos hai unha pequena cruz latina acanalada na cara que da a fachada da igrexa.

2. ENTRAMBASAUGAS, SANTIAGO DE.

2.1. CRUCES DO “LUGAR DOS CRUCEIROS”

Imos falar da primeira cruz, que encontramos indo do núcleo básico da parroquia de Entrambasaugas (Eirexe), a nivel de hábitat, de cara ao lugar dos Cruceiros.



2.1.1. Trátase dunha cruz rústica, latina, de cantería, alongada no eixo vertical, de amplas dimensións. Ten como sostén unha plataforma de tres chanzos de cachotería pizarrosos, deteriorados agás o superior. Os extremos dos brazos están ornamentados cunhas formas semiesféricas. Dominio público. Século XVIII. X= 605.939. Y= 4.751.782.

2.1.2. A segunda cruz, que se encontra moi preto, tamén é latina, granítica, alongada no eixo vertical. O eixo horizontal é moi curto, e amosa na súa estrutura importantes deterioros. Usa como soporte unha plataforma, que amosa unha dobre estrutura paralelepípeda de carácter irregular. De dominio público. Século XVIII. X= 605.994 Y= 4.751.776.

Antano as procesións, que saían da igrexa de Entrambasaugas chegaban ata este lugar. Na actualidade, o primeiro domingo do mes de agosto –festividade do Santiago apóstolo nesta parroquia- a procesión circunvala o cruceiro que hai preto á igrexa.

“ *Outros dous no lugar dos Cruceiros, ata onde adoitaban chegar as procesións, de comezos do século XVIII*” ¹¹.

3. FERREIRA DE PALLARES, SANTA MARÍA DE.

3.1. CRUZ DE FERREIRA DE PALLARES. X= 607.836 Y= 4.648.473.



Cruz de amplas dimensións, que está emprazada na praza de Ferreira e preto do convento beneditino. Denantes de construírse a pequena praza, estaba colocada diante da entrada á igrexa e ao cemiterio. Esta composta dos seguintes corpos:

Unha plataforma de estrutura troncopiramidal, que presenta catro chanzos: o inferior, de cachotería está deteriorado por un dos seus lados; os outros son graníticos.

¹¹ RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, MEC. T.II. 1975, páxs. 328-329.

Unha base monolítica formada polos seguintes tramos nunha orde ascendente: un primeiro tramo paralelepípedo; outro, tamén paralelepípedo mais de menor extensión, e coas arestas superiores redondeadas; o seguinte formado por unha moldura cóncava en “escocia”, que mostra como elemento decorativo unha voluta en cada unha das súas caras; finalmente, o tramo superior é igualmente paralelepípedo mais cos bordos superiores redondeados.

A base serve de apoio a unha cruz latina, de sección cuadrangular nos seus extremos – e dun xeito preferente no extremo inferior do eixo horizontal- e oitavada no resto. Os extremos dos brazos da cruz son potenziados. E de amplas dimensións, co eixo vertical moi alongado.

O primeiro domingo de Outono, festividade da Virxe do Rosario, a procesión da a volta ó redor da cruz.

4. FRANCOS (SAN SALVADOR DE).

4.1. CRUZ DE LEBORIZ.

Hai uns 60 anos, morreu por un raio Aurita Ares Rodríguez. Pasado un tempo, o mozo co que andaba colocoulle unha cruz de cemento nos lindeiros dunha finca, onde ocorrira o suceso. Hai uns dous anos, Alcide López Mazaira, colocou a cruz, que estaba tirada, no valado da súa finca. Polo tanto, na actualidade a cruz esta nunha finca da “Casa de Rosende”. X= 615.839 Y= 4.744.892.

A nivel artístico, trátase cemento, acanalada brazos do lado Sw., e que dos seus brazos rematan nun lanceolada. Por outra banda, seus brazos hai un corpo na súa parte externa un lado Sw., houbo unha sacra, hoxe desaparecida.



dunha cruz latina, de námbolos dous ademais os extremos tipo de cruz na intersección dos esférico, que amosa ornato dentado. No pequena imaxe

5. GUNTÍN DE PALLARES, SAN SALVADOR DE.



5.1. CRUZ DA IGREXA ANTIGA. X= 606.918. Y= 4.749.102.

Colocada preto da igrexa vella de Guntín. Está composta dos seguintes elementos:

Sobre un pedestal de cachotería roto erguese unha base paralelepípeda irregular, sobre a que se levanta unha cruz latina, alongada no eixo horizontal. En ámbolos dous eixos (brazos) amosa unha sección cuadrangular nos seus extremos e oitavada no resto. Os extremos do eixo horizontal mostran uns ornamentos en aparencia redondeados mais deteriorados. Pola contra, o extremo superior do eixo vertical presenta un ornamento de cantería, que remata nunha pequena estrutura piramidal.

4. OUROL, SAN XULIÁN DE.

4.1. CRUZ DE OUROL. X= 613.041 Y= 4.747.148.

Está situada nun campo preto da igrexa parroquial. Dominio público. Denantes a cruz era de madeira mais tiña, como na actualidade, a plataforma e base de cantería. Debido ao deterioro da cruz, os membros da comunidade parroquial mandaron construír unha de ferro ao ferreiro da parroquia Antonio Rodríguez. A cruz consta dos seguintes corpos:

Unha plataforma de estrutura troncopiramidal con tres chanzos graníticos, que amosan dous niveis: un nivel inferior, de forma paralelepípeda; e outro superior, máis extenso e, tamén, de forma paralelepípeda.

Unha base composta de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípedada; e o superior, pequeno, tendente á troncopiramidalidade.

Sobre a base érguese unha cruz de ferro, latina, de dobre trazo e transparente, con dous eixos: o vertical, máis alongado, e con ornamentos cruciformes, e o horizontal. Os extremos do eixo horizontal e a parte superior do eixo vertical son do tipo de cruz lanceolada.

Na actualidade o terceiro domingo do mes de Xullo, festividade da Santa Isabel, a procesión circunvala a cruz.



4.2. CRUZ INTERIOR DA “CASA DE PARDO”. X= 612.813 Y= 4.747.613.



Nun dintel interior de cantería dunha porta da casa hai esculpida unha cruz. Esta amosa os seguintes trazos: é latina, de cantería, e de sección cuadrangular. A parte inferior do eixo vertical e de forma troncopiramidal. A ambos lados da intersección dos eixos vertical e transversal lese a seguinte inscrición; no lado dereito, 1789; no lado esquerdo, IHS. O ano indica a data na que se construíu unha parte da casa.

5. PRADEDA, SANTA EULALIA DE.

5.1. CRUZ DO POZO. X= 609.443. Y= 4.751.850.

Está situada no lugar de “O Pozo”, parroquia de Santa Eulalia de Pradedada. Foi construída hai un ano por Xavier Morenxa, de Prógalo (Lugo). E de dominio privado, xa que pertence a “Casa de María”. Está composta dunha plataforma de dous chanzos de pizarra, que serve de soporte a unha cruz latina, monolítica, de cantería e de amplas dimensións; o seu



eixo perpendicular é moi pronunciado; ademais está introducido un metro no chan.

6. RETORTA, SAN ROMAO DE.



6.1. CRUZ DE PERROS. X= 602.721. Y= 4.758.247.

Está situada ao carón da propiedade de Manuel Viña e Pura Pereira. Sobre unha gran plataforma irregular de cantería, de dous corpos, se levanta unha base, que mostra dúas partes: a primeira, de forma paralelepípeda regular; e a segunda, tamén de forma paralelepípeda mais irregular; ambas as dúas partes presentan deterioros mais dun xeito preferente a parte superior. A base serve de soporte a unha cruz latina, de sección cuadrangular, que amosa o brazo vertical moi alongado mentres que o horizontal e moicurto.

7. SANTA EUXEA, SAN XOÁN DE.

7.1. CRUZ DO CEMITERIO. X= 610.611 Y= 4.747.568.

No adro–cemiterio desta parroquia houbo hai anos unha cruz de madeira, construída por un membro desta parroquia chamado Camilo, pertencente a “Casa de Alvarín”. Co paso dos anos a cruz foise deteriorando, o que deu lugar á colocación dunha nova mais xa de cantería, construída por un albanel de fora da comunidade parroquial. Está composta dos seguintes corpos:

Unha plataforma, de forma paralelepípeda, que serve de apoio a unha dobre base, monolítica, semellante, que amosa en cadansúa dous niveis ou tramos: o inferior de forma paralelepípeda e o superior cos bordos redondeados a xeito de bocel ou toro. A base serve de sostén a unha cruz de cantería, latina, máis alongada no brazo vertical.

Os extremos dos brazos amosan formas semi-esféricas con rebaixas.



O 24 de Xuño, festividade do San Xoán a procesión circunvala á igrexa e, tamén, a ruz.

8. SIRVIÁN, SANTA MARÍA DE.

8.1. CRUZ DE EIREXE.

Esta situada no lugar de Eirexe, parroquia de Santa María de Sirvián. Colocada á beira dunha estrada local. Está no interior dunha propiedade privada, aínda que ten un carácter público. Amosa unha base formada por dous corpos de cantería de



forma paralelepípeda irregular. Esta serve de sostén a unha cruz de cantería, latina, de sección cuadrangular nos extremos dos brazos e oitavada no resto. E de amplas dimensións, sobresaíndo o brazo vertical que é moi alongado. Os extremos do brazo horizontal e o extremo superior do brazo vertical presentan unha forma de cruz potenziada.

Foi destruída por un tractor e reformada hai medio ano aproximadamente.

As persoas de máis idade da parroquia din que antano dende a igrexa antiga saía a procesión o día da Ascensión e circunvalaba esta cruz, retornando logo ao punto de partida.

CRUCEIROS, CRISTOS, CRUCES E PETOS DO CONCELLO DE GUNTÍN				
PARROQUIAS	CRUCEIROS	CRISTOS	CRUCES	PETOS
CASTELO DE PALLARES	1		1 (1) ¹²	
CONSTANTE				
ENTRAMBASAUGAS	2		12	
FERREIRA DE PALLARES			4	
FERROI, SANTA MARÍA	1		1 (1)	
FERROI, SANTIAGO	1		(1)	
FRANCOS	1		2	
GOMELLE	1			
GROLOS				
GUNTÍN DE PALLARES	1		1 (1)	
LAMELA				
LOUSADA,SANTA EULALIA				
LOUSADA, SAN MAMEDE	1			
MONTE DE MEDA, SAN CIBRAO			(1)	
MONTE DE MEDA, SAN MARTIÑO	1			
MOSTEIRO			1 (1)	
MOTA,A			1	
MOUGÁN	1		1	
NAVALLOS				
OUROL			3 (1)	
PIÑEIRAS				
PRADEDADA	2		3 (2)	
RETORTA, SAN ROMAO DA.			2 (1)	
RETORTA, SANTA CRUZ	1			1
SANTA EUXEA			2	
SIRVIÁN	1		1	1
VILAMAIOR DE NEGRAL				
VILAMEÁ	1			
VILAMERELLE				
VILARMAO				

¹² Os dixitos en paréntese refírese a cruces desaparecidas.

ZOLLE	1	1	1	1
-------	---	---	---	---

BIBLIOGRAFÍA.

- ARRIBAS ARIAS, Fernando, BLANCO PRADO, J.M., e SAAVEDRA PÉREZ, Mario.: *Cruceiros do Concello de Vilalba*, Vilalba (Lugo): I.E.S.CH. 2011.
- BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996.
- DÍAZ BERTA, Román.: *Galicia, pueblo a pueblo*, : La Voz de Galicia. Xunta de Galicia.
- EQUIPO “IR INDO”.: *Galicia en Comarcas. Lugo*, Vigo: Ir. Indo. La Voz de Galicia, 2005, páx. 111.
- MUÑIZ, Manuel.: *Itinerarios polo Concello de Castroverde*, Lugo: Amigos do Patrimonio de Castroverde, 2011
- FIGUEROA PAZ, Antonio V.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX).
- RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid: M.E.C. e M. DE CULTURA. T..II e V. 1975..
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A.D. *As cruces de pedra na Galiza*, Vigo: 1984.

DATOS CURRICULARES.

D. José Manuel Blanco Prado é catedrático de Filosofía no I.E.S. “Xoán Montes” de Lugo e Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Publicou os seguintes libros: “Romaxes da Terra Chá”. “Religiosidad popular en el municipio de Begonte” e, tamén, “Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses”. É coautor das seguintes obras: “Cruces e Cruceiros do concello de Begonte, “Begonte: Pasado e Presente” e “Tempos de Festa en Galicia” .

Publica contidos relacionados coa antropoloxía cultural, etnografía e a historia en diversos boletíns informativos e revistas culturais, como o Anuario de Estudios Brigantino, o Boletín do Museo Provincial de Lugo, Lucensia, Lucus, Estudios Mindonienses, Croa, Pena do Encanto, Boletín de Estudios Chairegos, Castiñeiro Milenario, Diario “O Progreso de Lugo” etc. Desde 1993 traballa con Fernando Arribas Arias e Mario Saavedra no proxecto Carboeira, cuxa finalidade é levar a cabo unha catalogación e inventario dos cruceiros da Terra Chá. Na actualidade teñen oito libros publicados. No ano 2004 fixo, no Mesón do Forno, a primeira exposición do Entroido na provincia de Lugo; no ano 2011, a segunda; e no ano 2013, unha nova no Museo Provincial de Lugo, e a terceira no Mesón do Forno. Tamén colabora en revistas dixitais, como “Galicia Encantada” e “Culturas Populares”. No intre actual é coordinador de artigos e traballos da revista dixital “Etnografía”, ligada ao “Mesón do Forno”.